



Santiago de Compostela, a 11 de novembro de 2025

Sra. Yolanda Díaz Pérez

Ministra de Trabajo y Economía Social

Pola presente, enviamos esta carta ante a apertura de “negociacións no diálogo social” por parte deste Ministerio para tratar sobre a reforma do despedimento, que para a CIG evidencia tres graves feitos:

Primeiro. A nula vontade do Goberno español en derrogar a reforma laboral do 2012, aínda vixente, que ten significado o maior ataque aos dereitos dos e das traballadoras, especialmente no que ten a ver co abaratamento do despedimento individual e colectivo, en facilitar as causas e situar na unilateralidade empresarial as decisións de executar EREs, ERTes.

Segundo. Esta negativa do Goberno súmase ao incumprimento grave que o Estado español está a facer ante as decisións do Comité Europeo dos Dereitos Sociais. Neste sentido, cómpre ter presente a recente sentenza do Tribunal Supremo que, como poder do Estado que é, debería velar pola execución das resolucións do CEDS para que se cumpra a Carta Social Europea, no canto de deixala sen efecto como se pon de manifesto na sentenza do TS (social) do 16 de xullo de 2025.

Terceiro. O nulo respecto á pluralidade sindical existente, o incumprimento da legalidade ao utilizar o chamado diálogo social para excluír os sindicatos, como a CIG, que temos a condición legal de máis representativos, alén de sermos o maioritario, que deberiamos escoitados en igualdade de trato que os outros sindicatos maioritarios.

Por todo iso, neste contexto, é un feito de enorme gravidade que o Ministerio de Traballo leve á chamada “mesa do diálogo social” o despedimento, cando debería de actuar tomando decisións e aprobando os cambios lexislativos necesarios para recuperar e crear novos dereitos en materia de despedimento e non manter unha lei inxusta. Desde a CIG recordámoslle ao Ministerio de Traballo e ao Goberno que está duplamente obrigado a tomar decisións nesta dirección de forma inmediata e urxente: unha, a reivindicación pendente de resolver, a derogación da reforma laboral do 2012, e a outra, porque cómpre que se cumpran as resolucións do CEDS.

Ante esta realidade, mentres o Goberno non se decida a derrogar a reforma laboral do 2012 en materia de despedimento, desde a CIG anunciamos os traballos cara á presentación dunha iniciativa lexislativa, unha proposta de proposición de lei (achegamos texto da mesma) para garantir o carácter vinculante das decisións do Comité Europeo de Dereitos Sociais e a súa obrigada execución por parte do Estado español.

Por todo o exposto, agardando a súa inmediata rectificación na interlocución que teñen aberta para respectar os dereitos de participación de todas as organizacións sindicais que temos a condición de máis representativas, así como sumarse á nosa iniciativa, apoiando o cambio normativo que lle achegamos.

Sen máis, aproveitamos a ocasión para enviarlle un cordial saúdo.

Asdo.: Paulo S. Carril Vázquez.

Secretario Xeral de Confederación Intersindical Galega (CIG)